

# PROTOCOLO DE FUNCIONAMIENTO “COMEDOR ESCOLAR”



Curso 2022-2023

## **ÍNDICE:**

- 1. Xustificación**
- 2. Lexislación**
- 3. Modalidade de prestación**
- 4. Obxectivos**
- 5. Normas xerais de funcionamento**
  - a. Alumnado**
  - b. Responsable de comedor**
  - c. Colaborador@s**
  - d. Centro**
  - e. Menús**
  - f. Procedemento no caso de comida sobrante**
  - g. Actividades despois da hora de comer**
- 6. Incumprimento das normas, faltas e sancións.**
- 7. Avaliación e seguimento**

## **ANEXOS:**

- Anexo 1 Parte de faltas de comportamento**
- Anexo 2 Control de faltas de asistencia ao comedor escolar**
- Anexo 3 Plano distribución do comedor escolar**
- Anexo 4 Cartaces normas**
- Anexo 5 Horario de saídas**
- Anexo 6 Tríptico informativo curso 2022-2023**
- Anexo 7 Compromiso do persoal colaborador**
- Anexo 8 Actividades propostas dende o comedor:**
  - Cociña do mundo**
  - Receitario colectivo**
  - Obradoiros de cociña nas aulas**
  - Na mesa...**

## 1. XUSTIFICACIÓN:

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa. Así, os comedores escolares, ademais de cumpriren unha función básica de alimentación e nutrición, están integrados na vida e organización dos centros educativos de tal xeito que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da PXA do centro educativo.

É por este motivo que consideramos de grande importancia a elaboración deste protocolo de funcionamento, xa que se trata dun servizo complementario de grande importancia para un centro educativo, e ao mesmo tempo, require dunha xestión complexa pola cantidade de persoal e recursos que se moven a partires del.

O comedor escolar ten ademáis unha función de dar solución a problemas familiares de non poder atender aos seus fill2s nese tempo adicado á comida diaria, tanto por razón familiares e sociais, como laborais.

C comedor escolar debe integrarse no Proxecto Educativo de Centro e non converirse tan só nun servizo de comidas. Por iso, debe desenvolver as seguintes funcións:

- Educar en hábitos alimentarios saudables.
- Promove-la adaptación do alumnado a una ampla variedade de pratos na organización mensual dos menús, e unha disciplina axeitada no acto de comer que inclúa a tolerancia e a educación para a convivencia.
- Ofrecer unha planificación alimentaria que aporte as substancias nutritivas que o alumnado precisa para o seu normal desenvolvemento.
- Contribuir á integración da familia na medida en que facilita aos pais e nais exercer as súas funcións laborais e sociais.

Todas estas funcións poden desenvolverse mediante diferentes actividades, algunhas delas realizadas en el aula y outras no comedor Escolar y na propia familia. Neste censo propóñense as seguintes:

- Coñecemento da orixe dos alimentos consumidos ( dende os procesos de produción, transformación e comercialización ata o seu consumo).
- Programas e prácticas de hixiene persoal: aseo xeral, lavado de mans, manipulación no consumo de alimentos, etc.
- Prácticas na relación social: fomento da comunicación, a boa convivencia e as relacións cos compañeiros e compañeiras da mesa.
- Proposta de realización de almorzos e coñecementos básicos dos seus produtos.

O comedor escolar é un espazo educativo, polo que consideramos fundamental contar co persoal docente nas tarefas de atención ao alumnado.

## 2. LEXISLACIÓN

O regulamento está baseado na seguinte normativa:

- o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.



- o Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



- o Orde do 13 de Xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión de servizo de comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación.



- o Instrucción 2/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2022/2023.



### **3. MODALIDADE DE PRESTACIÓN**

O noso comedor é de xestión directa, con cociña no propio centro escolar.

Pertence á categoría D, segundo o número de comensais.

O equipo de cociña está formado por unha oficial de segunda e tres axudantes de cociña.

En canto ao número de colaboradores dispoñemos actualmente dun equipo formado por 17 persoas, das que 10 son nais do centro, 6 docentes do noso claustro e unha coidadora.

Asímesmo, os luns fai uso do servizo de comedor o alumnado do IES Moncho Valcarce, que vén acompañado dunha docente.

### **4. OBXECTIVOS**

O Comedor Escolar é un servizo educativo complementario que debe atender á consecución dos seguintes obxectivos:

#### **Educación para a Saúde:**

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta educación para a saúde, como lavar as mans antes de comer.
- Poñer en práctica normas hixiénicas e sanitarias estudadas nas aulas.
- Iniciarse en gustos variados e na inxesta de todo tipo de alimentos. Deben probar de todo e non desprezar ningún alimento.
- Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa:
  - Manter posturas correctas , sentándose ben e evitando apoiar os codos na mesa.
  - Comer coa boca pechada.
  - Facer un uso correcto dos panos de mesa e cubertos.
  - Pedir as cousas por favor e dar as grazas.
  - Falar en voz baixa.

- Interesar ás familias nos beneficios que podan obterse dunha colaboración conxunta cos responsables do comedor, tanto no referido á saúde do alumnado como a súa educación nutricional.
- Concienciar á familia nos patróns de conducta adquiridos no comedor do centro educativo e da importancia de continuar con eles no seu fogar.

### **Educación para a Convivencia e Lecer:**

- Adquirir e por en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
- Espertar no alumnado o espírito de cooperación, implicándoo, segundo as súas posibilidades, en tarefas de servizo de comedor: poñer e retirar o servizo, axudar aos máis pequenos...
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara todos os membros da comunidade escolar.
- Acadar un comportamento correcto na mesa.
- Acadar un ambiente sen moito ruído, evitando berros e dialogando de forma distendida.
- Coidar e respectar o espazo, mobiliario e utensilios de uso comunitario.
- Crear hábitos e proporcionar estratexias para a utilización correcta do tempo libre.
- Planificar actividades de lecer e tempo libre que contribúan ao desenvolvemento harmónico da personalidade e a fomentar hábitos sociais e culturais.

## 5. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR:

### a) Alumnado:

- O comedor escolar funciona dende o primeiro día lectivo do mes de setembro e finaliza o último día lectivo do mes de xuño.

As datas de apertura e peche do servizo de comedor están reguladas polo calendario escolar que elabora cada ano a Consellería de Educación.

Neste curso, é a Orde de 20 de maio de 2022, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais os centros dispoñemos de dous non lectivos, de libre elección. No noso caso, e unha vez postos dacordo co resto de centros escolares da vila, os días escollidos como non lectivos son: o 5 de decembro e o 2 de maio.



### CALENDARIO ESCOLAR 2022-2023

SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO
L Ma Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30	L Ma Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L Ma Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30
DECEMBRO	XANEIRO	FEBREIRO
L Ma Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L Ma Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L Ma Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28
MARZO	ABRIL	MAIO
L Ma Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L Ma Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30	L Ma Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31
XUÑO		
L Ma Mi X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30		

- Inicio da actividade lectiva
- Fin da actividade lectiva
- Fin do Período de adaptación (4º Ed. Infantil)
- Vacacións escolares
- Non lectivos escollidos polo centro



- As estratexias de adaptación ó centro que se programan para o alumnado de tres anos no inicio do curso esixirán regular tamén o uso do servizo para este alumnado no periodo sinalado.

- Todo o alumnado que precise servizo de comedor ten que solicitalo mediante o impreso que se lles entrega na secretaría do centro e que se fará chegar ao alumnado que xa está matriculado no centro a finais de cada curso escolar, de xeito que podan solicitar a renovación deste servizo para o curso seguinte. Así mesmo, poderá descargarse tamén dende a páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmagdalena/>



- O número de prazas de comedor a ter en conta para facer a selección provisional e definitiva de comensais será o autorizado para cada centro na Instrucción 2/2022 de comedores escolares. Nese número máximo entenderáanse incluídas as prazas de cobertura obrigatoria (director@, encargad@, persoal de cociña, persoal colaborador e coidadores e análogos, no seu caso).
- O número máximo de prazas de comedor está fixado actualmente en 293 comensais.
- O alumnado ao que lle corresponda pagar o comedor deberá aboar o servizo coa cantidade indicada e actualizada todos os anos dende a Consellería de Educación. Tamén se inclúe neste apartado os fillos/as de persoal do comedor ou persoal do centro, docente ou non. Todo o alumnado usuario do comedor deberá cubrir un impreso de autodeclaración comprometéndose a abonar a contía do servizo se é o caso.
- O importe da cuota por alumno e día dos usuarios que non son beneficiarios do servizo é de 4,50 €. 2,50€, ou 1 € segundo a autobarefacción que resulte da autodeclaración.


- Para efectuar o pagamento do servizo, dende a dirección do centro enviaráselle a primeiros de mes unha taxa-recibo.



Os usuarios de comedor dispoñerán de tres opcións para facer o pagamento, as cales están explicadas na páxina web do centro.



- Modalidade presencial: acudir a unha oficina bancaria coa taxa para o pago e entregar o comprobante de pago no centro nos dez primeiros días de cada mes.
- Modalidades online:
  - o ATRIGA (Facenda) Nesta modalidade tamén deben enviar devolto o xustificante de pago.
  - o ABALAR (neste caso xa a propia aplicación envía un xustificante de pago, polo que non é preciso devolver a xustificación de pagamento)

Neste exemplo pódense ver algunhas das imaxes do paso a paso do pagamento que aparecen explicadas na páxina web (Atriga):





- As familias teñen a obriga de avisar con antelación (ata a primeira hora lectiva dese mesmo día, sempre antes das 10:30) as faltas de asistencia ao servizo de comedor. Os usuarios de pago que non avisen pagarán a totalidade da coantía correspondente, dese día.

- O impago da cota de comedor, así como a morosidade continuada da mesma, poderá ser causa de baixa do servizo de comedor escolar.
- Para darse de baixa voluntaria do servizo de comedor, será necesario facelo por escrito na secretaría do Centro cunha semana de antelación.
- O horario do comedor será de 14:40 a 16:40 horas. Por seguridade do alumnado, as portas do centro permanecerán pechadas durante ese horario.
- O alumnado de 5º e 6º de primaria poderá saír só, previa autorización das súas familias por escrito. O resto do alumnado deberá ser recollido na porta do centro polas persoas autorizadas (salvo o alumnado usuario do transporte escolar, que entrará nos seus respectivos autobuses acompañado polas coidadoras dese servizo).
- Os horarios de recollida han de respectarse para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas. Por este motivo, non se permitirá a saída do centro a ningún alumno/a, excepto por causa xustificada, fóra dos horarios de saída marcados.
- Os alumnos non poderán saír do recinto escolar durante o periodo de comedor. Se as súas familias veñen a recollelos antes do término do mesmo, será por causa xustificada e seguindo o procedemento xeral establecido no Centro: notificación previa por escrito ou telefónica, presentarse persoalmente a recolle-lo alumno/a e asina-lo documento existente ó respecto.  
No caso de recollida do alumnado por unha persoa diferente ás autorizadas, deberáse avisar previamente ao centro (por teléfono, axenda do alumno/a, Abalar).
- Si algún alumno/a de comedor no se vai a quedar ó mesmo un día determinado tendo asistido a clase, a súa familia deberá notificalo previamente (preferiblemente avisando directamente aos titores/as, por axenda ou a través da aplicación Abalar Móbil. Se non fose posible facelo por esa vía, e preferiblemente antes de que remate a primeira sesión lectiva, poderá avisarse ao centro por vía telefónica.
- Os alumnos/as que non asistan ás clases non poderán facer uso do servizo de comedor. Xa que, para poder facer uso do servizo de comedor, deberán ter asistido alomenos a dúas sesións lectivas.
- O menú será único para todos los comensais. Non obstante establécense as seguintes excepcións:
  - Dietas brandas para alumnado con problemas gastrointestinais transitorios, baixo prescripción médica e avisando coa antelación debida en Secretaría, ou aos titores/as ou por Abalar Móbil.

- Alumnado alérxico a alimentos ou que padezan calquera enfermidade ou transtorno somático que precise dunha alimentación específica, presentando un certificado médico, autorízase a que esos alumnos podan utilizar o servizo de comedor nos termos dispostos pola normativa vixente.
- En ningún caso se administrarán medicamentos aos nenos que asisten ao comedor. Igualmente, as familias nunca deben entregar medicamentos aos nenos. En caso necesario, arbitraráse a maneira de que os pais ou titores do alumno/a podan acceder ó centro para administrarlles os medicamentos. Para iso deberán poñerse en contacto coa Dirección.
- O menú mensual faráse público a través da páxina web do centro e nos taboleiros de información.
- Todos os alumnos/as deben respectar as normas de funcionamento e de convivencia do comedor: aseo, entrada ó Comedor, conduta e hábitos de utilización dos cubertos, etc.
- O incumprimento por parte dos alumnos das normas de funcionamento e de convivencia do comedor, así como o impago das mensualidades, pode chegar a supor a baixa no Servizo de Comedor de forma temporal ou definitiva.
- A falta continuada de asistencia ao comedor (un mes) poderá ser motivo de baixa directa.
- Para calquera tema relacionado co Comedor, deben dirixirse á Dirección do Centro.
- O servizo de comedor é exclusivo do alumnado matriculado no centro, e persoal docente e non docente, de atención aos comensais.
- Ningún alumno/a que non asista ao servizo de comedor pode permanecer no centro despois das 14:40.
- Sempre deberá haber alomenos unha persoa responsable do alumnado nas diferentes ubicacións.
- Durante o horario de comedor, os alumnos deberán permanecer nos seus grupos, cumprindo as normas de hixiene e comportamento que están recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC) e aprobadas polo Consello Escolar.

**b) Responsable de comedor:**

- Será a encargada de:
  - Diseñar as normas básicas de funcionamento
  - Organizar ao equipo de colaboradores/as
  - Informar ao equipo de cociña de calquera cambio ou necesidade
  - Diseñar o documento de rexistro do número de comensais, tendo en conta os menús especiais (alérxenos)
  - Solucionar calquera incidencia que xurda durante o servizo.
  - Facer as chamadas pertinentes ás familias en caso de que algún alumn@ se atope indisposto e deban vir buscal@, e permanecer con dito alumnado ata que chegue a familia.
  - Organizar o cadro de persoal colaborador en función de si falta alguén un determinado día, ou se é preciso facer algún cambio.
  - Archivar os recibos de pagamento de comedor, comprobando que se estén ao día.

**c) Colaboradores/as:**

- O servizo de xantar está atendido por persoal colaborador, cunha persoa encargada. A colaboración está destinada aos pais, nais e acolledores legais dos alumnos e alumnas, así como tamén a membros da nosa comunidade educativa.
- O número de colaboradores/as depende do número de alumnos/as que demanden o servizo, e ven fixado pola Consellería. Actualmente temos asignados 17 colaborador@s.
- O horario de colaboración e atención ao alumnado vai dende ás 14:40 ás 16:40.
  - As nais colaboradoras poderán comer no centro de 13:40 a 15:20.
  - No caso dos docentes colaborador@s comerán cando remate o servizo de comedor, ás 15:35 - 15:40 (despois de que marche todo o alumnado que vai para casa tra-la hora de comer).

**d) Centro:**

Informarase ás familias

- Do funcionamento do comedor
- Dos menús mensuais
- Do comportamento inapropiado do alumnado, se fose o caso, e das propostas para a súa corrección.

**e) Menús:**

Dende o noso centro temos contratado un servizo de nutrición coa nutricionista especializada Ana Isable Escuredo, quen elabora tódolos menús mensuais.

Son uns menús equilibrados, tendo en conta a variedade de alimentos e inxesta precisa de cada un a diario.

É moi importante este servizo tamén polo elevado número de alumnado alérxico que temos, e ao que lle hai que controlar moito os alimentos que se inclúen nos seus pratos, así como a súa forma de cociñado.

Estos menús están expostos no taboleiro de comedor, e nas entradas dos tres edificios do centro, e tamén se publican na páxina web do centro.

Os menús recollen tamén ideas para as ceas, polo que resulta de gran utilidade para as familias, que teñen unha guía de alimentación equilibrada para reforzar na casa unha boa alimentación, que teña en conta todas as necesidades nutricionais.

O Consello Escolar será informado do número de menús especiais que se serven no centro.

A continuación poden verse uns menús de exemplo:





NOVIEMBRE 2022

CEIP A MAGDALENA

Mes:

	Luns	Martes	Miércoles	Xoves	Venres
1ª Semana	31 OUTUBRO	Suxerencias de Cea	Suxerencias de Cea	Suxerencias de Cea	Suxerencias de Cea
			COLIFLOR	ENSALADA VARIADA	ENSALADA DE BROTES VERDES
			PASTA CON CARNE	CHIPIRONS Á PRANCHA	PEIXE CON QUINOA
2ª Semana	7 NOVEMBRO	Suxerencias de Cea	Suxerencias de Cea	FROITA	FROITA
			9 NOVEMBRO	10 NOVEMBRO	11 NOVEMBRO
	BROCOLI CON PATACA	ENSALADA DE LETUGA, TOMATE, MILLO DOCE, AMORODOS E XAMÓN	REPOLO CON CENORIA E PATACA	ENSALADA CÉSAR (LEITUGA, RICATOSTES, PERNIÇA EN TIRAS CON PEMENTA E LIMÓN, QUEIJO PARMESANO OU BURGOS, SAL E SALSA CÉSAR)	XUDÍAS VERDES REDONDAS CON CENORIA BABI EN RUISTRIDO
3ª Semana	CARNE ESTUFADA	REVOLTO DE OVO CON CHICHAROS E XAMÓN	SALMÓN Á PRANCHA	PASTA BOLOÑESA (CON CARNE)	PAELLA DE POLO, PEIXE E MARISCO
	FROITA	FROITA	FROITA	FROITA	FROITA
4ª Semana	14 NOVEMBRO	Suxerencias de Cea	Suxerencias de Cea	17 NOVEMBRO	18 NOVEMBRO
			18 NOVEMBRO	19 NOVEMBRO	20 NOVEMBRO
	ENSALADA DE LETUGA, TOMATE, MILLO DOCE, PIÑA E QUEIXO	QUINOA CON SALSA DE TOMATE	ENSALADA VARIADA	COLIFLOR CON PATACA, CENORIA E RUISTRIDO	ENSALADA DE LETUGA, TOMATE, PEMENTO, ESPÁRRAGOS E OVO COCIDO
4ª Semana	PAELLA DE CARNE	PEIXE CON ENSALADA	HAMBURGUESA VEXETAL	POLO AO CURRI	TORTILLA DE ESPINACAS E ATUN
	FROITA	FROITA	FROITA	FROITA	FROITA
4ª Semana	21 NOVEMBRO	Suxerencias de Cea	Suxerencias de Cea	24 NOVEMBRO	25 NOVEMBRO
			23 NOVEMBRO	24 NOVEMBRO	25 NOVEMBRO
	MACARRONS CON QUEIXO	CHAMPÍONS Á PRANCHA	ENSALADA MURCIANA (TOMATE PERA, ATUN, OVO DURO, ACEITUNAS NEGRAS, CEBOLA, SAL, ACEITE E VINAGRE)	XUDÍAS VERDES CON GARAVANZOS, PATACA E CENORIA	ENSALADA FRESCA CON PASTA
5ª Semana	28 NOVEMBRO	Suxerencias de Cea	Suxerencias de Cea	30 NOVEMBRO	
			30 NOVEMBRO		
	ENSALADA VARIADA CON OVO COCIDO	FERVIDO DE VERDURAS	ENSALADA CAPRESE	BACALLAU Á MODERNA (SALSA DE TOMATE E PEMENTO)	CHURRASCO CON PATATA
5ª Semana	LENTILLAS CON VERDURAS	HAMBURGUESA DE LENTILLAS	XOUBAS	BOCARTES CON PATACA COCIDA	
	FROITA	FROITA	FROITA	FROITA	

NUTRICIONISTA: ANA ISABEL FERNÁNDEZ ESCUREDO, GA-00117. UNHA VEZA LA SEMANA SE SERVIRÁ UN IOGUR OU POSTRE LÁCTEO EN FUNCIÓN DO SERVIDO DO PROVEEDOR

f) **Procedemento no caso de comida sobrante:**

No suposto de que a cantidade de comida sobrante se considere suficiente, dacordo coa normativa vixente (artigo 8 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto), poderase distribuir exclusivamente a familias e persoas en risco de exclusión social. Para iso, estableceranse os cauces necesarios en colaboración coa área de Servizos Sociais do Concello ou de entidades sen ánimo de lucro dedicadas aos servizos sociais na zona.

g) **Actividades despois da hora de comer:**

Dado que o noso centro conta con servizo de transporte, e hai alumnado que se queda ata as 16:40 para facer uso dese servizo, hai dúas formas de pasar este tempo de lecer entre as 15:30 e a hora de marchar coas familias:

- Patio do cole:

o Neste caso o alumnado permanecerá co seu grupo e persoa colaboradora de referencia, nunha das zonas do centro fixada a principio de curso. En realidade cada grupo conta con dúas zonas posibles en función da meteoroloxía (xa que dependendo de si chove ou non, poderán facer uso dunha ou doutra.

- No caso de infantil a zona de referencia son os patios cubertos de infantil, e as zonas verdes máis achegadas, ou a pista do edificio B si se programa algún xogo que requira de maior zona de movemento.
- No caso de primaria hai máis reparto de zonas, xa que van á pista traseira do edificio de administración, ao pavillón do edificio A, á cristaleira do edificio B, á zona cuberta do edificio A...

- Actividades organizadas:

o De ser o caso, o alumnado inscrito, poderá asistir a actividades extraescolares que se levan a cabo no centro neste horario, organizadas pola ANPA.

Para ir ás diferentes zonas onde se realizan as actividades, son os propios monitores/as das mesmas os que se encargan de recoller ao alumnado en dúas zonas destinadas a iso (entrada do edificio A, para o alumnado de primaria; e patio infantil para o alumnado de infantil).

As colaboradoras de comedor dispoñen dunha listaxe actualizada do alumnado que acode cada día ás actividades. Deste xeito, en canto ao alumnado de infantil, segundo se van ou non a actividades prepáranse para ser recollidos polos monitor@s nun lugar ou outro do patio.

No caso de primaria, haberá un cono cunha pica e cartelería do nome das actividades de cada día, xusto na entrada do edificio A. Ao saír, o alumnado irase colocando na súa ringleira correspondente mentres os monitores/as esperan a ter os grupos organizados, para levalos ao pavillón, ao ximnasio ou aula que utilizan no edificio B para alguna das actividades.

Poderán facer “os deberes” na biblioteca mentres o profesorado de garda está nela custodiando os ordenadores do alumnado de 5º e 6º de primaria.

## 6. INCUMPRIMENTO DAS NORMAS

A utilización do comedor supón a aceptación e cumprimento das normas por parte de tódolos usuarios deste servizo. O incumprimento das normas pode levar á suspensión do disfrute do servizo durante días ou de forma definitiva.

### Procedemento a seguir:

Ante o incumprimento das normas haberá un diálogo inicial co nen@. Tratarase de que comprenda o seu proceder inadecuado pedíndolle que rectifique, e asuma as consecuencias das súas accións e se lle ofertarán conductas alternativas.

Habitualmente serán os colaboradores/as os encargados de manter a orde, a convivencia e a disciplina no comedor escolar. Nos casos no que o diálogo non sexa suficiente, poderanse impoñer medidas correctoras.

Todas as incidencias quedarán rexistradas no libro de incidencias do comedor, onde se anotará a data, incidencia, participantes e medidas correctoras por parte do persoal colaborador do comedor. As incidencias serán comunicadas por escrito ás familias dende as titorías.

A acumulación de tres incidencias leves implicará unha incidencia grave. Dúas incidencias graves no comedor poden implicar a perda temporal do servizo de comedor.

As incidencias do comedor serán tratadas entre as titorías e a familia. De ser necesario solicitaríase a intervención da dirección.

A reiteración de faltas graves ou a acumulación de leves pode dar lugar a perda do dereito de uso do servizo de comedor.

Este tipo de medidas realizaríase en casos extremos, co coñecemento das partes implicadas e co desexo de mellorar a convivencia entre o alumnado e de lograr un bo funcionamento do comedor escolar.

## **Faltas leves e sancións:**

Establécese o seguinte rango de faltas de comportamento, que irán sempre acompañadas dun PARTE DE INCIDENCIAS (ver anexo 1):

### **a) Considéranse faltas leves:**

- Desobedecer levemente ás indicacións do personal de cociña e comedor.
- Non lavar as mans.
- Entrar ou saír do comedor desordadamente.
- Entrar ao comedor con obxectos non permitidos (xoguetes, libros ...)
- Cambiarse de sitio sen permiso.
- Levantarse do sitio sin causa xustificada.
- Non comer con corrección ou non facer uso axeitado dos utensilios (cubertos...)
- Permanecer mal sentados ou columpiarse na cadeira.
- Facer ruído, berrar ou falar con alumnos doutras mesas.
- Calquera outra conducta que afecte levemente ao respecto, á integridade ou á saúde da persoas.

### **b) Sancións:**

Estas poderán ser impostas polo Persoal do Comedor.

- Amonestación verbal ó alumno. No caso de reiteración, comunicación por escrito á familia.
- Separación temporal do grupo de referencia (ou da súa mesa de comedor) integración noutro.
- Perda do dereito a participar en xogos ou actividades de lecer (no caso de que se tivesen programado para esa xornada).
- Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.

## **Faltas graves e sancións:**

### **a) Considéranse faltas graves:**

- Acumulación de tres faltas leves.
- Desobedecer gravemente as indicacións do personal de cociña ou comedor.
- Saír do comedor sen permiso.
- Deteriorar a propósito ou por mal uso o material propio do comedor.
- Tirar intencionadamente comida ao chan ou a outr@s compañeir@s.
- Calquera outra conducta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

### **b) Sancións:**

Estas sancións poderán ser impostas polo Equipo Directivo do Centro e serán comunicadas ás familias.

Calquera das contempladas para as faltas leves. Ademais:

- Comunicación por escrito da amonestación do alumn@ á súa familia .
- Separación permanente do grupo de referencia ou da súa mesa de comedor.
- Comer illado dos compañeir@s
- Tarefas de mantemento no comedor escolar, durante o tempo de recreo (máximo 15 días).
- Expulsión temporal do comedor (ata 5 días).

## **Faltas moi graves**

### **a) Considéranse faltas moi graves:**

- A acumulación de tres faltas leves.
- Saír do centro sen permiso durante o horario de comedor.
- Calquera outra conduta que afecte moi gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

## **b) Sancións:**

Esta última sanción poderá ser imposta pola Comisión de Convivencia do Consello Escolar do Centro, previa audiencia coa familia.

- Calquera das contempladas para as faltas graves.
- Tarefas de mantemento no comedor escolar, durante o tempo de recreo (máximo 15 días).
- Ademais:
  - Expulsión temporal do comedor (de 5 días a 1 mes).
  - Expulsión definitiva do comedor

## **7. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO**

Faráse un seguimento de todo o proceso de organización e desenvolvemento do proxecto de comedor día a día, sendo a observación directa e sistemática unha das ferramentas máis utilizadas para esta fin.

Así mesmo, a persoa coordinadora do comedor elaborará ao remate do curso unha breve memoria final, na que se recollerá como foi o desenvolvemento do comedor ao longo do curso, e na que se recollerán tamén as incidencias máis relevantes que se produciron en devandito curso.

Tamén serán recollidas, nese mesmo documento final, as necesidades e propostas de mellora para o próximo curso.

A

N

E

X

O

S




## ANEXO 1: PARTE DE FALTAS DE COMPORTAMENTO





<b>DATA:</b>
<b>PERSOAL COLABORADOR PRESENTE:</b>
<b>ALUMNADO IMPLICADO:</b>
<b>FEITOS OCORRIDOS:</b>
En AS PONTES, a ___ de _____ de 202__ <b>ASINADO:</b>
*Persoal e alumnado



# ANEXO 3: PLANO DE DISTRIBUCIÓN ESPACIAL NO COMEDOR



# NORMAS COMEDOR:

-  Entraremos e sairemos ordenadamente acompañados polo persoal colaborador.
-  Estaremos mesturados nas mesas, alternando diferentes idades.
-  Non poderemos cambiarnos de sitio. Só o persoal colaborador poderá mandarnos cambiar de sitio, se o considera preciso.
-  É a nosa obriga a hixiene de mans antes de comer.

## **MOCHILAS:**

INFANTIL: Quedarán nos percheiros.

PRIMARIA: Estarán ben organizadas nas zonas determinadas para cada curso no corredor de comedor. Se somos de 5º ou 6º (Edixgal) deixaremos tanto as mochilas coma os ordenadores, nos lugares establecidos, dentro da biblioteca.

**CHAQUETAS:** Podemos colocalas no respaldo da nosa cadeira, ou, se caben, dentro da mochila.

Non quedará ninguna prenda de roupa solta nos corredores nin na biblioteca.



Agás urxencia, non iremos ao baño durante o tempo de comedor.

Se un peque de infantil precisa ir ao baño, poderá ir acompañado dun compañeir@ maior (de primaria), ou se fose preciso dalgún colaborador@ de comedor.



Axudaremos a manter un ambiente tranquilo, falando baixiño e cumprindo as normas de convivencia.



Axudaremos nas tarefas de limpeza e ordenación de comedor.

### **AXUDANTES:**

Cada día haberá un encargad@ por mesa.

O día que haxa de postre iogur haberá un encargado en cada zona do comedor para recoller os vasiños cun saco.

Os “axudantes” levaremos un chaleco distintivo todo o tempo de comedor, ata rematar as tarefas.






# SAIDAS COMEDOR


**15:20-15:30**


## ALUMNADO DE INFANTIL:

 Recóllennos no patio de infantil.

 Se teñen irmáns saen pola porta traseira (diante do ximnasio).

## ALUMNADO DE PRIMARIA:

 1º e 2º saen pola porta principal do edificio A (debaixo do cobertizo).

 3º, 4º, 5º e 6º saen pola porta lateral do comedor e entréganse ás familias na cancela principal de entrada ao recinto.

**16:30**

Alumnado de infantil e primaria.

**16:40**



Só alumnado de transporte.

## ANEXO 6: TRÍPTICO INFORMATIVO CURSO 2022-2023

### NORMAS DE CONVIVENCIA:

O alumnado que obteña praza no comedor deberá cumprir as normas básicas de convivencia.

De non cumprilas, se houberse tres incidencias, podería ser expulsado deste servizo complementario.

### FALTAS DE ASISTENCIA:

Haberá que ter avisado das faltas de asistencia ao comedor durante a primeira hora (antes das 10:20). Deste xeito, poderán ser rexistradas no control de menús diarios. Se non se avisase da falta (no alumnado que teña que pagar o servizo) computaríase igualmente para o pago mensual.

### SERVIZO EN DÍAS SOLTOS:

Este curso non será posible facer uso do servizo en días puntuais.




### HORARIO COMIDA:

- Cómesese nunha única quenda:

INFANTIL e PRIMARIA	14:40 – 15:20
E.S.O (só os luns)	14:20 – 15:00

- O alumnado está colocado nas mesas de xeito que se intercale alumnado dos diferentes cursos, e así poder axudarse uns aos outros.
- En cada mesa hai un colaborador@ de referencia fixo.

### HORARIO E PORTAS DE SAÍDA:

INFANTIL	- 15:20 (patio infantil) Irmáns (porta traseira)
PRIMARIA	- 16:30 (cancela)
	- 15:20 Irmáns (porta traseira) 1º e 2º (porta do edificio A) 3º, 4º, 5º e 6º (cancela)
	- 16:30 (cancela)
	16:40 Só o alumnado de transporte

# COMEDOR ESCOLAR



## DAS CINCO S:

- SILENCIOSO
- SEGURO
- SAN
- SORRINTE
- SABOROSO



### TIPO DE COMEDOR:

O noso é un comedor de xestión directa, con cocina no propio centro.

En canto ao número de comensais trátase dun comedor escolar de categoría D.

### PERSONAL DE COCIÑA:

- Unha oficial de 2ª
- Tres axudantes de cocina

### PERSONAL DE COMEDOR:

- A directora do centro educativo
- A encargada do comedor
- Dezasete colaborador@s

Esta sería a composición do equipo de persoal que estará durante o servizo de comedor.

### MENÚS:

Son elaborados pola nutricionista Ana Isabel Escuredo, quen se carga tamén da formación inicial de todo o persoal de comedor antes de comezar o funcionamento deste servizo complementario.

Os menús son previstos de xeito mensual e están dispoñibles para descargar na páxina web do centro.

O menú será xerale e as únicas variacións que se realizan son para o alumnado que o precise con informe médico.



### MENÚS EQUILIBRADOS E PROPORCIONADOS:



### RECOMENDACIÓN DA PIRÁMIDE ALIMENTARIA:

Actividade física diaria e...



## ANEXO 7: COMPROMISO DO PERSOAL COLABORADOR



**O COMEDOR DEBE SER UN LUGAR TRANQUILO  
E DE CARÁCTER EDUCATIVO.  
O PAPEL D@S COLABORADOR@S É  
FUNDAMENTAL.**

Como colaborador@ no curso 22/23 coñezo cales son as miñas funcións e comprométome a cumprilas:

### **NO COMEDOR:**

- Acompañarei ao alumnado de clase ao comedor e do comedor ao patio.
- Comprobarei que teñan as mans limpas para comer.
- Coidarei e atenderei ao alumnado durante a prestación do servizo de comedor, e nos períodos que van entre a finalización das comidas e a recollida do alumnado (polas súas familias, monitor@s de actividades extraescolares ou coidador@s do servizo de transporte escolar).
- Colaborarei co alumnado en función da súa idade ou circunstancias persoais (pelar froita, cortar carne...), sen perder de vista que deberemos potenciar a súa autonomía coa alimentación.
- Enseñareille a desenvolverse con corrección na mesa, a manexar debidamente os cubertos, limpase e manter unha postura axeitada.
- Farei fincapé na necesidade de comer aquilo que se lle serve, xa que así conseguirá unha alimentación equilibrada que contribuirá á súa saúde.
- Non consentirei que ningún nen@ finalice o servizo sen ter comido nada. Deben ir probando alimentos, polo que xogaremos dalgún xeito para que vaian pouco a pouco entrando mesa dinámica e proben novos alimentos.
- É preferible servir pouca cantidade e ter que repetir, que servir

moito e rematar no prato.

- Comezarei a servir rápido, evitando que se dispersen e fagan balbordo.
- Resolverei, no momento, os problemas ou discusións, que podan xurdir.
- Informarei á encargada de comedor ou á directora no caso de:
  - Inapetencia continuada dun determinado alumn@ para que informe á familia, se fose preciso.
  - Conductas observadas no alumnado que ao seu xuízo deban corrixirse.
  - Incidencias que superen a miña responsabilidade como coidador@.
- No caso de ter unha zona (se son apoio) ou mesa determinada, sei que a miña ubicación nunha zona ou mesa de referencia é para intentar controlar ao máximo ao alumnado e o seu xeito de comer (analizando pouco a pouco os seus gustos, se é de repetir habitualmente ou non, si lle custa probar, etc) e que sobre todo os máis pequen@s teñan figuras de referencia tamén neste servizo.

Mais non me encargarei só da miña mesa pou zona. Tod@s os colaborador@s velaremos polo bo funcionamento do servizo no comedor.

Por este motivo, si rematei de servir e recoller a mesa ou mesas de referencia nas que estou ubicad@ axudarei ao resto de compañeir@s que o precisen.



#### **ALUMNADO COLABORADOR:**

O alumnado de 5º e 6º (que se queda ao patio) axudará nas tarefas de comedor (limpeza de mesas e coas ringleiras do alumnado de infantil, axudándolles a poner as súas chaquetas e mochilas, vixiar o traslado ata o patio...)

#### **NAS MESAS:**

Cada día teremos nas mesas encargad@s, que serán axudantes nalgunas tarefas (recoller vasos, pasar a tina, recoller envases de iogures...) e que irán rotando diariamente.



## NO PATIO:

Haberá dúas zonas diferenciadas:

- Patio de infantil (para infantil, 1º y 2º primaria).
  - Patio exterior (edificio A) e pista traseira para 3º, 4º, 5º y 6º.
- En caso de bo tempo, e con herba seca, poderán saír tamén os peques ao patio exterior. Poden facer “excursións” polo patio, pequenas búsquedas de tesouroso... e incluso facer alguna actividade de xogo dirixido na pista do edificio B.
- En caso de choiva, os maiores (3º, 4º, 5º y 6º) poderán utilizar o pavillón de Magdalena os 3 días á semana que quedan libres (martes, mércores e xoves). O outro espazo cuberto que poderían utilizar sería a cristaleira.
- Las tarefas durante este espacio de “recreo” son de vixianza e acompañamento.
  - Intentarase que o alumnado se entreteña neste momento de forma lúdica e tranquila.
  - Se tivesen “deberes” poderán facelos na biblioteca, pero sempre no horario en que está o profesorado de garda (15:45 -16:30). Non poderán estar sos, e a biblioteca permanecerá sempre pechada ata que chegue o profesorado.



No caso de ter que saír antes de que remate o servizo completo de comedor, avisarei empre á encargada e organizareime coas compañeiras previamente, para que quede todo o alumnado controlado e acompañado.

Asinado:

Data:

## ANEXO 8: ACTIVIDADES PROPOSTAS DENDE O COMEDOR



**COCIÑA DO MUNDO**

NA CORTIZA DO COMEDOR IRÁN APARECENDO RECEITAS DOUTROS PAÍSES, MAPA COA UBICACIÓN DO SEU PAÍS... ALGUNHA CURIOSIDADE. ASÍ APRENDERÁN ALGUNHAS COUSIÑAS DA “COCIÑA DO MUNDO”

**RECEITARIO COLECTIVO**

ACTIVIDADE A NIVEL DE CENTRO CONSISTENTE EN QUE TODO O ALUMNADO TRAI DA CASA UNHA RECEITA DE COCIÑA. A IDEA É QUE O ALUMNADO COLABORE NA ELABORACIÓN DE DITA RECEITA, SE ACOMPAÑEN FOTOS, O PROCESO DE ELABORACIÓN DA MESMA... CON TODAS ELAS FÁRASE UNHA ACTIVIDADE DE EXPOSICIÓN E FINALMENTE CREAMOS UN LIBRO DE RECEITAS COLECTIVO.

**OBRADOIROS DE COCIÑA NAS AULAS**

MOTIVARASE A QUE NAS AULAS SE REALICEN OBRADOIROS DE COCIÑA. RECOLLERÁSE UNHA MEMORIA CON TÓDOLOS OBRADOIROS REALIZADOS.

**NA MESA...**

A TRAVÉS DE RETOS (QUE SE ENVIARÁN ÁS AULAS CON MATERIAL ESPECÍFICO PARA O SEU DESENVOLVEMENTO) TENTARÁSE QUE O ALUMNADO COÑEZA COMO SE PON A MESA, PARA QUE SERVEN DETERMINADOS UTENSILIOS... TAMÉN SE FARÁN PROPOSTAS PARA TRABALLAR OS CICLOS DOS ALIMENTOS ATA CHEGAR Á MESA.